

RESOLUCIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN, CON REFERENCIA 2021/CP/112, PARA O POSTO DE TECNICO ADMINISTRATIVO, CONVOCADO POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA E PUBLICADO NA SÚA SEDE ELECTRÓNICA E NA PÁXINA WEB DA UDC O 1 DE XUÑO DE 2021

De acordo coa acta do Órgano de Selección da convocatoria de contratación con referencia 2021/CP/112, para o posto de técnico administrativo a tempo completo destinado á colaboración para desenvolver as tarefas do convenio de persoal I+D+i entre a Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña, publicase esta resolución:

O 1 de xuño do 2021, publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e na súa páxina web unha convocatoria das bases para a selección e contratación laboral dun/ha técnico/a administrativo/a a tempo completo destinado/a á realizar tarefas de administración e xestión dos Campus de Especialización (Innova e Sustentabilidade) da Universidade da Coruña.

1. O Órgano de Selección constituíuse por videoconferencia a través de Teams o día 21 de xuño de 2021.
2. O Órgano de Selección estivo formado polos seguintes membros:
 - D^a Susana Ladra, Directora do Campus Innova da Universidade da Coruña, como presidenta,
 - D^a Adina Dumitru, Directora do Campus da Sustentabilidade da Universidade da Coruña, como secretaria,
 - D Ginés Nicolás, Director do Campus Industrial da Universidade da Coruña, como vogal.
3. Tras o estudo e valoración das solicitudes presentadas o Órgano de Selección decide facer a proposta de adxudicación para a contratación laboral, por parte do Servizo de Investigación e da Xerencia da UDC, do solicitante que acadou a maior puntuación:

ÓSCAR LUIS BLANCO DOMÍNGUEZ

O Órgano de Selección decide publicar esta resolución no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán presentar reclamacións ante a Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica no prazo de dous días que se contarán a partir do día seguinte ao desta publicación no taboleiro de anuncios.

A Coruña, 21 de xuño de 2021

A presidenta do Órgano de Selección

Susana Ladra González

Código Seguro De Verificación	sKw4uIz7HhvydqDAsHsc9w==	Estado	Fecha y hora
Firmado Por	Susana Ladra González	Firmado	21/06/2021 23:32:35
Observaciones		Página	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/sKw4uIz7HhvydqDAsHsc9w==		

